



**DOCUMENTO DE BASES PARA A ELABORACIÓN
DUN NOVO ESTATUTO PARA GALIZA**

Galiza, Xullo de 2004

I. LIMIAR.....	4
II. FUNDAMENTO DO NOVO ESTATUTO	5
III. DEREITOS FUNDAMENTAIS E LIBERDADES PÚBLICAS	6
IV. OS PODERES PÚBLICOS GALEGOS.....	7
1. O Parlamento Galego.....	7
2. O Presidente de Galiza.....	8
3. O Goberno Galego.....	8
4. Poder Xudicial	9
5. A Administración Pública Galega	10
6. Organización territorial e Réxime Local	11
V. RELACIÓNS DE GALIZA CO ESTADO	12
VI. RELACIÓNS DE GALIZA COA UNIÓN EUROPEA	13
VII. PROXECCIÓN EXTERIOR DE GALIZA.....	14
VIII. COMPETENCIAS	15
IX. PRINCIPIOS REITORES DAS POLÍTICAS PÚBLICAS..	17
1. Equilibrio económico.....	18
2. Equilibrio social.....	18
3. Equilibrio político.....	19
4. Equilibrio territorial e ambiental	19
X. FACENDA PÚBLICA GALEGA	20

I. LIMIAR

Galiza é unha nación. Éo por ser unha comunidade diferenciada humana con trazos obxectivos diferenciais, como o de ter unha lingua propia e estar asentada nun territorio definido. Mais, sobretudo, Galiza é unha nación porque na súa cidadanía existe a consciencia de formar parte dunha sociedade diferenciada, para a cal reivindica o maior autogoberno posíbel.

Mostra desta vontade de autogoberno nacional, o pobo galego plebiscitou favorabelmente un proxecto de Estatuto de autonomía na época da II República Española. Feito este – xunto coa obtención dun réxime de pre-autonomía, anterior á promulgación da actual Constitución Española e, despois do catalán e do basco, terceiro no tempo – que lle valeu o acceso á autonomía pola vía rápida do artigo 151 da CE e a promulgación, en 1981, do Estatuto de Autonomía vixente.

Porén, despois de vintetrés anos, o Estatuto vixente non foi quen de resolver os problemas cruciais que Galiza enfrenta: a emigración da xente nova, o desemprego, o desequilibrio territorial, o atraso relativo en nivel de renda e benestar, a potenciación dos nosos sinais de identidade. Por iso, despois de vintetrés anos, o tempo histórico dunha xeración, os galegos e as galegas do século XXI debemos elaborar un novo Estatuto Nacional que recolla o mellor da nosa tradición, os mellores dos nosos soños colectivos, as mellores das nosas ideas e experiencias para proxectalos cara un futuro que queremos distinto.

Un novo Estatuto que ten que elaborar a representación do pobo galego. A diferenza do Estatuto de 1981, elaborado por unha asemblea de parlamentarios galegos, este novo Estatuto será discutido e aprobado por unha Asemblea Lexislativa elixida directamente pola cidadanía. Por iso, mesmo apesar das limitacións do actual marco constitucional, esta maior lexitimidade fai que o Parlamento galego deba ser, tamén, máis ambicioso para responder ás expectativas dunha sociedade que non pode agardar máis tempo. Que demanda máis autogoberno e máis benestar.

Precisamos dun novo Estatuto porque os galegos e as galegas temos a madureza suficiente para decidirmos libre e democráticamente o noso futuro. Para establecermos libremente novos mecanismos de relación cos demais pobos do Estado e de Europa. Para tomarmos as rédeas da nosa economía, da nosa educación, da nosa industria, da nosa lingua e da nosa cultura. Para logramos un novo pacto social baseado no pleno emprego, no dereito a unha renda básica de cidadanía ou na garantía da universalidade e do carácter público de servizos como a sanidade e a educación. Para organizarmos o noso territorio e o noso réxime local, co fin de corrixirmos os desequilibrios territoriais e de poboación que pexan o noso desenvolvemento. Para desenvolvermos unha política propia de inmigración que atenda ás necesidades da nosa diáspora e dos seus descendentes. Un novo Estatuto que debe sair da intelixencia colectiva da sociedade galega, elaborado desde as nosas propias necesidades e arelas, e non froito de pactos de despacho, celebrados fóra de Galiza entre partidos estatais. O novo Estatuto debe ser presentado como unha demanda maioritaria da sociedade galega e, para iso, é preciso que as forzas políticas galegas explicitemos claramente as nosas pretensións, sen dependencias externas de nengunha caste. Mais cómpre tamén que o proceso de elaboración e discusión deste novo texto constitucional galego se realice abertamente, posibilitando unha participación plena da sociedade, dando xa unha primeira mostra desa democracia participativa que debe ser un dos trazos fundamentais do novo Estatuto.

Por iso os homes e as mulleres do BNG queremos dar o primeiro paso, expresando abertamente perante a sociedade galega a nosa vontade de iniciar un proceso de discusión aberto e amplo con toda a cidadanía sobre o noso proxecto de novo Estatuto Nacional.

II. FUNDAMENTO DO NOVO ESTATUTO

O novo Estatuto debe fundarse na vontade libre e democrática da cidadanía galega. No dereito a decidirmos o noso futuro. Debe fundamentarse, pois, na vontade do pobo galego de exercer o autogoberno de Galiza, a través de institucións e políticas propias, no seo dun Estado plurinacional e dunha Europa dos pobos.

En virtude desa vontade libre e democraticamente expresada, o novo Estatuto constituirá a Galiza como unha Comunidade política nacional, democrática, social e de Dereito que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo.

Como norma fundamental de Galiza, o novo Estatuto debe definir os seus elementos constitutivos e sinais de identidade básicos:

A comezar pola lingua. O novo Estatuto debe consagrar o galego como lingua propia de Galiza e, como tal, a lingua de uso preferente na Administración, na Xustiza, no ensino, nos medios de comunicación e, en xeral, en cantos servizos se presten ao público.

Canto ao territorio, o ámbito territorial de Galiza é o determinado polos municipios que actualmente forman parte da Comunidade Autónoma de Galiza.

Canto á cidadanía, o novo Estatuto determinará que son cidadáns e cidadás de Galiza todas as persoas que teñan viciñanza administrativa nun municipio galego, as nadas en Galiza e as nadas fóra de Galiza de pai ou nai galegos que optaren pola cidadanía galega ao alcanzaren a maioría de idade.

III. DEREITOS FUNDAMENTAIS E LIBERDADES PÚBLICAS

O Estatuto conterá unha declaración de dereitos e deberes dos cidadáns que asumirá e desenvolverá os dereitos individuais e colectivos recoñecidos na Constitución española, na Carta Europea de Dereitos Fundamentais e nos restantes instrumentos internacionais en materia de dereitos humanos.

No Estatuto incorporaranse aqueles dereitos non expresamente recoñecidos nos instrumentos anteriores que aporten novas garantías á cidadanía, nomeadamente no que atinxe á efectividade dos dereitos sociais – incluída a renda básica de cidadanía -, a protección da intimidade das persoas fronte a vixiancia electrónica, a participación activa da cidadanía no goberno e na xestión dos asuntos públicos mesmo através de consultas populares vinculantes e a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

IV. OS PODERES PÚBLICOS GALEGOS

O novo Estatuto responde ás arelas de avanzarmos cara un maior autogoberno de Galiza, de termos maior capacidade de decisión política. Isto exige unha estrutura xurídico-política xenuína e a definición da súa articulación institucional e administrativa acorde coa nosa identidade nacional, a necesidade de aprofundarmos na democracia e o imperativo de contarmos cuns poderes públicos eficaces na satisfacción das demandas da cidadanía.

As institucións galegas constituirán asemade a máis alta representación de Galiza e exercerán os seu poderes no marco da cooperación bilateral coas institucións do Estado, sen prexuízo da participación de Galiza nas institucións estatais comúns.

1. O Parlamento Galego.

Como representación directa do pobo galego, o Parlamento de Galiza constituirá a institución central de debate e diálogo político. O Parlamento estará constituído por unha única cámara, integrada por deputados e deputadas elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e segredo, e garantindo unha axeitada representación territorial.

Exercerá as funcións lexislativa e de control e fiscalización do Goberno Galego. En exercicio do poder lexislativo, o Parlamento Galego terá competencia para aprobar:

- a) Leis de desenvolvemento básico do Estatuto, que regulen as institucións de autogoberno e o contido esencial das materias previstas no mesmo, e que requirirán do respaldo de maiorías cualificadas.
- b) Leis ordinarias, ben a proposta dos grupos políticos con representación parlamentaria, ben as que sexan de iniciativa popular.
- c) Convalidación de Decretos-Leis que o Goberno galego adoptar en casos de necesidade urxente e extraordinaria.
- d) Leis de Bases para a elaboración de Textos Articulados.

- e) Someter a consulta popular decisións políticas de especial transcendencia.

O Regulamento do Parlamento establecerá canles efectivas de participación directa da cidadanía no exercicio das súas funcións, así como a adecuada transmisión das súas actividades ao conxunto da sociedade.

Asemade, o Parlamento Galego designará os integrantes das institucións consultivas de Galiza, da Administración Electoral Galega, do Valedor do Pobo, o Tribunal Galego de Contas e demais organismos e entidades representativas de Galiza así como tamén do Consello Galego do Poder Xudicial e velará polo cumprimento democrático das funcións encomendadas a esas institucións e poderes públicos.

2. O Presidente de Galiza

O Presidente de Galiza é elexido polo Parlamento Galego e constitúe a representación de Galiza, do Goberno Galego e da súa Administración, exercendo a representación de Galiza no Estado e no exterior.

Como Presidente de Galiza deberá dar conta das súas actuacións ao Parlamento Galego sempre que lle sexa requerido, e responderá politicamente da actuación do Goberno Galego.

3. O Goberno Galego.

O Goberno Galego, integrado polo Presidente de Galiza e os membros que este ou esta designar, exerce as funcións executivas e administrativas, así como o exercicio da potestade regulamentaria.

A responsabilidade política poderá ser exixida polo Parlamento galego, de forma solidaria ou individualizada nalgún dos seus membros, e deberá aterse na súa actuación aos instrumentos de impulso e control político parlamentar.

4. Poder Xudicial

Despois de vintecinco anos de descentralización política, o Poder Xudicial tense mantido virtualmente á marxe do proceso autonómico. Mantendo a unidade xurisdiccional para o conxunto do Estado, o novo Estatuto debe introducir unha clara mudanza na configuración do Poder Xudicial en Galiza.

A través, en primeiro lugar, da asunción para Galiza de todas as competencias en materia de Administración de Xustiza de carácter executivo e orgánico. Esta cláusula xeral viría a substituír á actual cláusula subrogatoria (artigo 20 EAG), que fai depender a asunción de competencias na materia pola Comunidade Galega da súa previa asunción polo Executivo Central. Deste xeito, Galiza non só dotaría – tal e como acontece na actualidade - de medios materiais e persoais á Administración de Xustiza senón que tamén podería incidir na súa estrutura e organización. Esta asunción levaría consigo tamén as competencias en materia de demarcación e planta xudicial, para poder adaptar o deseño da Administración de Xustiza á realidade socio-demográfica galega. Asimesmo, o novo Estatuto asumirá para a Policía Galega a función de Policía Xudicial e as competencias en materia de Institucións penitenciarias que actualmente detenta o Estado.

O goberno do Poder Xudicial no ámbito galego corresponderá a un Consello Galego do Poder Xudicial.

O TSX configurarase como cumio da organización xurisdiccional no ámbito da Galiza.

O novo Estatuto debe asumir competencias no deseño e organización do Ministerio Fiscal en Galiza. O Parlamento galego, por maioría cualificada, elixirá o Fiscal Xefe de Galiza.

O Estatuto reconecerá e establecerá condicións para a efectividade dos dereitos dos cidadáns e cidadás nas súas relación coa Administración de Xustiza tais como o dereito á asistencia xurídica.

O galego será a lingua de uso preferente na Administración de Xustiza en Galiza. Tanto o persoal non xudicial como os xuíces e maxistrados que aspiren a ocuparen postos en órganos xudiciais galegos, deberán acreditar o dominio oral e escrito da lingua galega.

5. A Administración Pública Galega

O novo Estatuto debe garantir a capacidade de autoorganización do aparello administrativo de Galiza e do réxime xurídico da súa actuación, co fin de simplificar a Administración e de facela máis eficaz, transparente e participativa. No mesmo sentido, o novo Estatuto debe establecer vías para a efectividade práctica do principio de subsidiariedade tanto nas relacións entre a Administración e os entes locais de Galiza, como nas relacións entre estas e a Administración estatal, no camiño de configurar a Administración galega como Administración Única no territorio galego.

Neste sentido, o novo Estatuto debe reconecer a competencia exclusiva de Galiza para a fixación do réxime xurídico da Administración Pública, do persoal ao seu servizo, dos seus procedimentos e instrumentos de actuación – contratación pública, axudas e subvencións, concesións e autorizacións, potestade expropriatoria e sancionadora -, do réxime da súa responsabilidade patrimonial, incluído o desenvolvemento e execución de todas as facultades asociadas a esa competencia.

Asimesmo o novo Estatuto debe asumir para a Galiza a titularidade do dominio público marítimo, costeiro, hidráulico e radioeléctrico como soporte físico necesario para o exercicio das competencias asumidas.

6. Organización territorial e Réxime Local

O novo Estatuto debe asumir para Galiza a competencia de vertebración e equilibrio territorial interno así como a determinación dos niveis políticos e administrativos en que a mesma se concrete.

Co fin de harmonizar o funcionamento dos diferentes niveis administrativos, a organización territorial de Galiza debe ser concebida como un todo no que se inclúa o réxime local e a organización das institucións de autogoberno. Neste sentido, as entidades locais galegas deben formar parte das institucións de autogoberno de Galiza.

A competencia de Galiza para organizar o réxime local debe abranguer:

- O recoñecemento exclusivo sen limitación algunha e fixando, se é preciso, os ámbitos do seu exercicio (organizativo, competencial, electoral e financeiro).
- A interiorización do réxime local, superando o seu actual carácter bifronte. O Goberno e a Administración galega deben ser os “interlocutores naturais” dos entes locais de Galiza.
- A da fixación dos niveis ou estruturas territoriais que van vertebrar o territorio galego.
- A concreción dos principios básicos de funcionamento dos entes locais e das relacións entre os entes locais e o goberno e a administración de Galiza, entre os que cabe destacar os seguintes:
 - a) O principio de subsidiariedade no exercicio das competencias dentro do espazo territorial galego.

- b) O reforzamento a autonomía local, recoñecendolle ós entes locais un espazo competencial concreto e definido que facilite a distribución competencial, evite solapamentos e colisións, e racionalice o mapa administrativo galego.
- c) A colaboración e cooperación como principios básicos das relacións entre o Goberno de Galiza e os entes locais galegos creando ao efecto un órgano administrativo concreto ou “consello galego de cooperación local” que facilite a interlocución entre todos eles.
- d) O recoñecemento da competencia da Comunidade Galega para coordinar a acción dos entes locais galegos así como para o exercicio do necesario control de legalidade.

V. RELACIONES DE GALIZA CO ESTADO

O novo Estatuto de Galiza ten que afianzar o recoñecemento da identidade nacional do noso país dentro do Estado español, avanzando cara unha nova configuración político-institucional do aparello estatal acorde coa súa pluralidade nacional.

O novo estatus de Galiza dentro do Estado español implicará un novo marco de relacións institucionais. Este novo marco de relacións debe incrementar a participación activa de Galiza nas institucións estatais comúns, através da previsión dun amplo abano de mecanismos de relación bilateral entre o Estado e Galiza, para que sexa recoñecido un novo reparto da capacidade de decisión baseado no real autogoberno da nosa nación.

En particular, o novo Estatuto contemplará a creación dunha Comisión Mixta, formada por igual número de representantes do Goberno da Galiza e do Estado, que permita a cooperación mutua, a resolución dos conflitos que podan surxir e máis a intervención de Galiza na elaboración das políticas e decisións estatais que afecten ás competencias e intereses das institucións galegas. As relacións entre Galiza e o Estado basearanse nos principios de igualdade, lealdade mutua, cooperación, colaboración e información recíproca.

A Comisión bilateral Galiza-Estado intervirá tamén nos seguintes asuntos:

- a) Na planificación, elaboración e seguimento conxunto das políticas económicas e de regulación de mercados que afecten a Galiza.
- b) Na participación dos representantes de Galiza nos organismos económicos, institucións financeiras e empresas públicas que actúan en Galiza.
- c) Avanzar nunha nova metodoloxía na planificación económica, de xeito que nas decisións relativas á dirección e planificación xeral da economía haxa unha participación real e efectiva das institucións galegas.

VI. RELACIÓNS DE GALIZA COA UNIÓN EUROPEA

O novo Estatuto debe contemplar canles efectivas de participación de Galiza nas institucións e na elaboración das políticas europeas en todo o que afecte ao ámbito das súas competencias. A este fin reivindicarase tanto a reforma dos mecanismos internos do Estado para a participación nas institucións europeas como a inclusión nos futuros Tratados da UE do recoñecimento da participación das nacións sen Estado que ostentan competencias a nivel lexislativo e executivo.

- A nivel **executivo**, o Goberno galego terá dereito a participar naquelas reunións do Consello Europeo nas que se traten asuntos relativos ás competencias ou intereses de Galiza.

O Goberno español, a proposta do Goberno galego, incorporará á súa representación permanente perante a Unión Europea un delegado de Galiza. Este recibirá as instrucións correspondentes do Goberno da Galiza, perante o cal ten que render contas.

- A **nivel parlamentar**, Galiza constituirase como circunscrición eleitoral nas eleccións para o Parlamento Europeo.

- Canto ás **relacións co Tribunal de Xustiza da Unión Europea**, as institucións galegas poderán presentar directamente recursos perante o Tribunal de Xustiza Europeo.

Asimesmo, corresponderá as institucións galegas:

- A xestión completa dos fondos estruturais que teñan a Galiza como destinataria, particularmente os Fondos Estruturais como territorio do obxectivo nº 1 e o Fondo de Cohesión.

- A estruturación e aplicación directa das políticas da euro-rexión Galiza-Norte de Portugal .

VII. PROYECCIÓN EXTERIOR DE GALIZA

A participación activa de Galiza no contexto internacional debe contribuir para o afortalamiento do dereito dos pobos a se autogobernaren, o impulso da solidariedade entre os pobos baseada en relacións igualitarias, o mantimento da paz, a convivencia e o diálogo como principios reitores das relacións internacionais, e a defensa activa da legalidade internacional plasmada na Carta das Nacións Unidas.

A capacidade para proxectarse directamente no exterior está ligada co exercicio de competencias exclusivas de Galiza, polo que debe ser garantida a participación no exterior cando afecte a esas competencias, e para asegurar o seu correcto desenvolvemento. Neste sentido o novo Estatuto preverá:

- O dereito de Galiza para contar con representacións políticas propias integradas, no seu caso, nas dependencias da Administración exterior do Estado español.
- O dereito de Galiza a participar directamente en organizacións internacionais de carácter cultural e deportivo.

- O dereito de Galiza para celebrar convenios internacionais con outros Estados ou entes subestatais no ámbito competencial galego.

VIII. COMPETENCIAS

Para que o autogoberno sexa real, Galiza debe contar cun marco de competencias coherente, no sentido de non fragmentado, e garantido, no sentido de protexido fronte a eventuais extralimitacións por parte do Estado. Por iso o BNG propón que o novo Estatuto asuma con carácter pleno e exclusivo competencias nas seguintes materias:

- Organización e réxime xurídico das Administracións Públicas galegas, incluída organización do réxime local. Réxime electoral.
- Administración de Xustiza e Réxime Penitenciario. Rexistos e Notariado.
- Traballo e Formación Profesionais, incluída a Inspección Laboral, a Formación Ocupacional e Continua e a xestión das prestacións por desemprego.
- Xestión da Seguranza Social e adaptación dos seus réximes á realidade galega. Prestacións non contributivas. Servizos e Asistencia social. Traspaso dos inmóbeis situados en territorio galego pertencentes ao patrimonio da Seguranza Social.
- Políticas de igualdade de xénero.
- Políticas migratorias, incluída a participación na elaboración da política estatal de inmigración e a súa xestión en Galiza.
- Sanidade, incluída a sanidade alimentar, a sanidade exterior e a formación posgraduada dos profesionais sanitarios.
- Ensino e investigación científica e técnica, incluída a política de bolsas e axudas ao estudo e a aplicación en Galiza da política de I+D+i da Unión Europea.
- Regulación das profisións tituladas e recoñecimento de títulos profesionais. Colexios Profesionais, Cámaras Agrarias e de Comercio.
- Agricultura e Gandaría, incluída a xestión dos fondos europeos que nesta materia correspondan a Galiza e a transposición das normas europeas de regulación dos mercados correspondentes.

- Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños, incluída a xestión dos fondos europeos que nesta materia correspondan a Galiza e a transposición das normas europeas de regulación dos mercados correspondentes.
- Protección e xestión do Meio Ambiente, incluída a titularidade sobre a zona marítimo-terrestre, a creación da Confederación Hidrográfica do Miño, a declaración de impacto ambiental para calquer tipo de plano ou proxecto e a protección da paisaxe.
- Montes e Política Florestal.
- Ordenación do Territorio, Urbanismo e Vivenda, incluída a xestión dos fondos estatais dedicados a planos de vivenda.
- Estradas e vías férreas que circulen por Galiza. Portos de interese xeral e aeroportos.
- Réxime dos contratos e concesións públicas, responsabilidade patrimonial da Administración, expropiación forzosa e axudas e subvencións públicas.
- Ordenación da actividade económica, política industrial e enerxética, incluído o réxime de produción e transporte de enerxía eléctrica e a xestión do plano estatal de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- Regulación das telecomunicacións, incluída a titularidade e xestión do espazo radioeléctrico.
- Defensa da Competencia.
- Comercio e Consumo, incluída a fixación de horarios comerciais e o urbanismo comercial.
- Turismo, incluída a promoción exterior e o traspaso dos Paradores de Turismo.
- Caixas de Aforros; ordenación do crédito, banca e seguros; mercados de valores e centros de contratación de mercaderías; creación de institucións públicas de crédito.
- Seguranza pública, tránsito e seguranza vial. Creación dunha Policía integral.
- Seguranza e salvamento marítimos.
- Dereito Civil, incluído o Dereito de Familia, Sucesións, Contratos, Asociacións e Fundacións.
- Xogos e Lotarías, incluído o dereito a recibir os rendimentos correspondentes polas Apostas e Sorteos de ámbito estatal.
- Cultura, Patrimonio Histórico, Arquivos, Cinematografía, xestión do ISBN/ISSN, propiedade intelectual.

- Deporte e Federacións Deportivas. Participación en competicións deportivas internacionais.
- Presenza exterior e na Unión Europea. Xestión dos fondos europeos que correspondan a Galiza e participación na xestión do Fondo de Cohesión que corresponde ao Estado. Cooperación internacional ao desenvolvemento.
- Participación directa nas institucións estatais comúns: Tribunal Constitucional, Consello Xeral do Poder Xudicial, RTVE, Banco de España, Comisión Nacional do Mercado de Valores, Comisións reguladoras do mercado enerxético e das telecomunicacións e demais axencias reguladoras.
- Administración Única: competencia xeral de execución da lexislación estatal en Galiza, coa conseguinte supresión progresiva da Administración periférica do Estado.
- As demais materias que non teñan sido expresamente asumidas ou reservadas para o Estado.

Nas demais materias de competencia estatal, esta entenderase sen prexuízo da participación de Galiza na elaboración das correspondentes políticas xerais.

Con carácter xeral, o desenvolvemento e aplicación en Galiza das normas e políticas europeas corresponderá aos poderes públicos galegos.

As normas ditadas polos poderes públicos galegos prevalecerán, en caso de conflito, sobre as estatais.

O Estatuto preverá procedimentos, prazos e criterios de valoración para o traspaso a Galiza das novas competencias asumidas.

IX. PRINCIPIOS REITORES DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

O novo Estatuto debe formular as liñas directrices das políticas públicas que as institucións galegas desenvolvan no ámbito económico, social, territorial e ambiental.

1. Equilibrio económico

Ten como eixo a esixencia dun desenvolvemento económico autocentrado, no que o funcionamento da economía de mercado e libre empresa estea enmarcada nuns criterios de política económica nos que as institucións galegas contén cun protagonismo elevado no deseño das regras do xogo económico e dos instrumentos necesarios para que aquel modelo económico discurra polo camiño da eficiencia e da distribución equitativa dos recursos.

Neste ámbito serán pezas angulares o sinalamento e aplicación de criterios de política de desenvolvemento converxente; un sistema de financiamento autonómico que pase por cuestionar a tendencia á regresividade que amosa o actual deseño estatal dos tributos, e un pacto social pola industrialización, a innovación tecnolóxica e a política enerxética.

Baseado, todo o anterior, nunha política de ordenación sectorial da base produtiva con estratexias centradas nos sectores industrial, agrario e pesqueiro e no apoio e respaldo ao sector do comercio, aos autónomos, ao turismo e ao mundo artesán. Complementado por unha política de igualdade e benestar social onde as pezas clave deben ser a Sanidade, a Seguranza Social, a Educación e, en xeral, a mellora dos servizos públicos, que se traducirán nun ambiente de confianza para o investimento privado e mellores índices de desenvolvemento humano para o conxunto da poboación.

2. Equilibrio social

Ten como eixo a intervención dos poderes públicos como garantes e reguladores de que o funcionamento do mercado non impida a consecución do benestar social, sen o cal resulta imposible que os froitos do progreso económico redunden en proveito dos diferentes segmentos da sociedade e da cidadanía. Precísase, polo tanto, unha política laboral e de emprego orientada á estabilidade e ao logro do pleno emprego, que rache coa tendencia recente á expulsión dos nosos mellores efectivos en termos de potencial humano, á inclusión dos inmigrantes e dos retornados, á redución da precarización, á

eficiencia produtiva e a seguraza laboral. Todo na idea de que co desenvolvemento da Economía Social, a democracia ampliarase á esfera do mercado e a economía.

Neste contexto, a solidariedade non será só externa, nin se desenvolverá despois de que a economía teña actuado, senón no proceso económico mesmo, porque así, producirase, acumularase e distribuirase con solidariedade.

3. Equilibrio político

Estamos convencidos de que máis autogoberno significa máis benestar para toda a cidadanía. O exercicio do autogoberno debe repercutir nun maior nivel de liberdades cívicas e democráticas e, loxicamente, nun aumento da dignidade comunitaria e institucional. De ahí que un sólido aparato de goberno dotado das máximas competencias para incidir nas anteriores políticas, sexa o garante dun sistema político participativo, democrático e social de dereito e de xustiza.

Neste sentido, o principio de corresponsabilidade é complementario do de participación. A cidadanía debe contribuir e formar parte das solucións dos asuntos que lle afecten directamente. De ahí a necesidade de afortalar os mecanismos de control sobre os poderes públicos e de posibilitar que o funcionamento destes sexa permeábel, transparente e flexíbel.

4. Equilibrio territorial e ambiental

Na idea de que unha política de ordenación territorial, de infraestruturas e medio ambiente debe ser capaz de por orde na morfoloxía do espazo, nos usos da terra e do solo, na vertebración das comunicacións internas e co exterior, e tamén, no cambio no medio rural, de xeito compatíbel co escrupuloso respecto á conservación e á valorización do medio ambiente.

Neste sentido, o desenvolvemento territorial incorporará unha dimensión ambiental, na súa dupla vertente, de protección do patrimonio natural e de factor cada vez máis importante para o desenvolvemento económico e social.

A rendabilidade social e económica dos recursos naturais e ambientais, nun contexto de desenvolvemento sustentábel, pode tamén colaborar á diversidade produtiva, mediante a potenciación da industria e os servizos relacionados co ambiente e, polo tanto, contribuir ao logro do equilibrio territorial e ambiental que o novo Estatuto debe contribuir a lograr.

X. FACENDA PÚBLICA GALEGA

O avance no autogoberno que persegue o novo Estatuto non será posíbel sen un avance parello na consecución da responsabilidade fiscal plena de Galiza, xestionando e dispendo da máxima capacidade normativa sobre os tributos propios e cedidos, no contexto dun sistema fiscal armonizado de ámbito estatal, sen prexuízo da existencia dunha política redistributiva a nivel de Estado que teña en conta a situación real e de partida da nosa nación e as posibilidades de desenvolvemento autónomo e de exercicio da propia soberanía fiscal.

O novo Estatuto impulsará as medidas precisas para que o conxunto do financiamento público galego e das políticas redistributivas do Estado e da Unión Europea sexan executadas desde Galiza, coas máximas potestades, como único camiño de avanzarmos na converxencia real e na capacidade de decisión política de Galiza.

O Estatuto recollerá expresamente os principios polos que se rexirán as relacións financeiras de Galiza co Estado, coa Unión Europea e cos demais entes supraestatais dos que Galiza puidera formar parte.

A Facenda galega será a única competente para a exacción, xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos propios e cedidos, así como de aqueles que puideran resultar da participación de Galiza en institucións de ámbito supraestatal, no territorio de Galiza.

Galiza disporá de capacidade normativa plena sobre os tributos cedidos e de ampla capacidade para a creación de tributos propios.

Para o desempeño destas funcións, Galiza contará cunha Administración Tributaria Propia. Asegurarase a coordinación entre as distintas Administracións tributarias mediante mecanismos que garantan a transparencia e a transferencia mutua de información entre todas elas.

As transferencias estatais para o financiamento das Corporacións Locais integranse plenamente no orzamento de Galiza, que establecerá un sistema propio de financiamento da Administración Local galega, que permita adaptar o financiamento local ás características do territorio e da organización local galegas, que corrixa a discriminación existente entre grandes cidades e concellos pequenos e os desequilibrios actuais na participación dos concellos nos Ingresos do Estado. O Parlamento de Galiza aprobará unha Lei Galega de Facendas Locais que operará como referencia básica do financiamento municipal galego e que permitirá o establecemento de criterios de reparto específicos e a creación dun Fondo efectivo de Financiamento Local, que aglutine as transferencias estatais e a Participación nos Ingresos da Xunta de Galiza.

Galiza esixirá que o novo sistema de financiamento integre un mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que supere a incapacidade do actual Fondo de Suficiencia e do Fondo de Compensación Interterritorial, que sirva de verdadeiro elemento de redución das actuais diferenzas nos niveis de infraestruturas e de servizos e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os territorios do Estado.

A aprobación inicial, control da execución e liquidación final dos orzamentos anuais de Galiza, incluída a fixación dun límite anual de gasto, a aprobación de escenarios plurianuais, así como a fixación de obxectivos de capacidade ou necesidade de financiamento se así o requirise unha lei galega, corresponderalle en exclusiva ao Parlamento de Galiza, sen prexuízo da cooperación que se estableza co Estado en materia de planificación xeral da economía.